

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE LARACHA PARA O AUXILIO E CONTROL DA PRÁCTICA DA PESCA DEPORTIVA E DE LECER NAS INSTALACIONES DO PORTO DE CAION

En Santiago de Compostela.

Dunha parte, Susana Lenguas Gil, en nome e representación da Entidade Pública Empresarial EPE Portos de Galicia EPE Portos de Galicia, na súa calidade de Presidenta, cargo para o que foi nomeada por Decreto 80/2019, do 11 de xullo (D.O.G. do 12 de xullo), con domicilio aos efectos deste acordo na Praza de Europa, nº 5A, 6º, Área Central, Polígono de Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña), actuando en virtude das facultades que a tal efecto lle confiren os artigos 12.3.a) e 12.3.g) da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de EPE Portos de Galicia (D.O.G. do 14.12.2017).

Doutra, José Manuel López Varela, actuando en calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Laracha, con domicilio a efectos deste acordo en Plaza do Concello, s/n; 15145 Laracha (A Coruña), facultado para este acto en virtude das competencias que lle recoñece o artigo 21.l.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e o 61.1º.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación e capacidade de representación para a sinatura do presente acordo e, a estes efectos,

EXPOÑEN

De acordo coa normativa vixente aplicable aos portos e instalacións portuarias e marítimas que sexan da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, está xenericamente prohibida a pesca desde os peiraos ou con calquera tipo de arte nas dársenas e augas portuarias.

ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA
Servizos Centrais

Praza de Europa 5A – 6ª Planta
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)
T. 881 950 095 – F. 981 545 324
portosdegalicia.gal



Sendo esta a norma xeral, tanto a Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, que tipifica esta actividade como infracción administrativa en materia de portos no seu artigo 131.v), como o artigo 64.c) do Regulamento de servizo e policía portuarios en vigor aprobado pola Orde ministerial do 12 de xuño de 1976, que prohibe realizar esta actividade secundaria, prevén como excepción que permita levantar a dita prohibición que a realización da actividade estea expresamente autorizada.

Polo tanto, Portos de Galicia, en uso dunha potestade administrativa de policía e intervención legalmente atribuída, pode permitir aos particulares o exercicio desta actividade, logo da comprobación mediante declaración responsable do interesado do cumprimento dos requisitos establecidos para tal autorización.

Como é sabido, arredor dun 60 por cento da poboación total das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra reside en concellos que contan con instalación portuarias, instalacións esencialmente destinadas á realización de actividades acordes cos usos portuarios ou complementarios e auxiliares destes tal e como se definen na normativa vixente, pero que pola súa tipoloxía e por estaren en moitas ocasións directamente enraizadas nas vilas e pobos onde se atopan, integradas de feito na súa paisaxe urbana, constitúen tamén espazos en que, con carácter excepcional, se poden admitir outros usos non estritamente portuarios sempre que resulten compatibles con estes, non existan restricións específicas relativas á seguridade ou á protección do ambiente e non prexudiquen as operacións de tráfico portuario u outras actividades portuarias, tal como acontece coa celebración de actividades e certames diversos de tipo cultural ou deportivo, ou coa celebración de mercados tradicionais e, entre as ditas actividades, constitúe unha aspiración longamente pretendida polo sector da pesca recreativa que se permita a práctica desta actividade nas zonas portuarias.

En coherencia co anterior, por Resolución da Presidencia de Portos de Galicia, do 26 de xullo de 2021, D.O.G. do 6 de agosto, aclarada por cédula do 13 de agosto de 2021, D.O.G. do 19 de agosto, acordouse autorizar a realización da actividade de pesca marítima de recreo en superficie nas zonas habilitadas dos portos e instalacións que se recollen no anexo III da presente resolución, baixo o estricto cumprimento das condicións que se insiren nesta resolución, e levantar, para tal efecto, a prohibición xeral establecida no artigo 131 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, para esta actividade concreta. A este



efecto estableceuse o procedemento de declaración responsable para a práctica da pesca marítima de recreo en superficie en zonas de servizo dos portos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia (procedemento IF502A).

O convenio axustarase polos cauces que procedan as resolucións que Portos de Galicia poida ditar desta materia.

Colectivos e asociacións de veciños e practicantes da pesca deportiva, veñen manifestando ante Portos de Galicia a petición de que se habiliten mais espazos a maiores dentro do porto de Caión dos xa autorizados actualmente pola dita Resolución da Presidencia de Portos de Galicia, do 26 de xullo de 2021. Interesan de Portos de Galicia, que se permita a práctica da pesca deportiva ou recreativa en zonas dos portos onde se desenvolven actividades portuarias que conforme ao Anexo III da devandita resolución de xullo de 2021, teñen a cualificación a efectos desta a práctica da pesca deportiva e de lecer; fundamentan tal interese en que respecto destas zonas a actividade e operativa portuaria cesa en determinados días, xeralmente no fin de semana e festivos, así como en determinadas horas do día, polo que coa aplicación dun control especial dos días e horas de parada de actividade portuaria nestas zonas actualmente non permitidas para a pesca, resultaría posible autorizar esta pesca precisamente durante tal parada de actividade.

Dada a especificidade e intensidade dos riscos que presentan estas zonas agora establecidas como non permitidas para a práctica da pesca deportiva e de lecer, resulta preciso establecer un especial control sobre estas para o caso de que se autorice dita pesca nelas en días e franxas horarias concretas. Control especial para o que mediando o auxilio do Concello podería levarse a cabo e así autorizar puntualmente nos termos deste acordo a práctica da pesca deportiva e recreativa desde terra, nestas zonas.

Neste sentido apuntado de que os Concellos aporten a súa cooperación e auxilio para a aplicación efectiva do control especial das referidas zonas do porto, cómpre sinalar que, conforme ao artigo 25.2.l) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e cos artigos 80.2.n) e 86 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, os concellos dentro dos seus fins de promoción do ocio e da práctica deportiva teñen competencias no estudo, proposta, desenvolvemento de todo tipo de iniciativas destinadas a promover, difundir, e fomentar os valores e a práctica do deporte así como a práctica de



actividades saudables na ocupación do tempo libre e de lecer por parte dos cidadáns, podendo tamén desenvolver actividades complementarias doutras administracións nestas materias.

Atendendo pois ao tratado co Concello de Laracha e o interese manifestado por asociacións e colectivos veciñais e de usuarios, as partes acordan asinar o presente documento que se desenvolverá de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

O presente acordo ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a EPE Portos de Galicia e o Concello de Laracha para o auxilio e control da práctica da pesca recreativa e/ou deportiva no porto de Caión, autorizando aquela nos espazos definidos no ámbito e zonas sinalizadas a tal efecto no plano anexo a este convenio e con suxeición ao disposto na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia e á Resolución da Presidencia de Portos de Galicia, do 25 de maio de 2022 pola que se modifica a do 26 de xullo de 2021, aclarada por cédula do 13 de agosto de 2021.

Conforme ao indicado no párrafo anterior, as zonas de aplicación da práctica da pesca recreativa ou deportiva con caña dentro do recinto do porto de Caión levarase a cabo nos lugares seguintes e que se figuran no plano adxunto no Anexo I deste acordo:

- Cantil ou borde terrestre portuario á lámina de auga cor VERDE: permitida a práctica da pesca recreativa
- Cantil ou borde terrestre portuario limítrofe con lámina de auga cor VERMELLO: non permitida a práctica da pesca recreativa
 - Cantil ou borde terrestre portuario limítrofe con lámina de auga cor AZUL: zona convenida co concello e coas seguintes restricións NON PERMITIDO AGAS os días e intervalos indicados no plano.



Estas zonas amparadas no convenio de cooperación, estarán catalogadas como zonas controladas de pesca recreativa ou deportiva con caña. En todo caso deberánse cumprir os requisitos das condicións xerais establecidas na resolución de levantamento da prohibición de pesca nos portos.

Quedan expresamente excluídas a práctica da pesca deportiva e de lecer nas zonas de cantís dos peiraos destinados a atraque de embarcacións, zonas de operativa de maquinaria, ámbito de actividade de grúas, travelift, e demais zonas de actividade portuaria, fora dos intervalos e condicións sinalados nesta cláusula, quedando expresa e terminantemente prohibido o acceso e tránsito por escolleiras e espaldóns e a pesca sobre embarcacións na lámina de auga.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DO CONCELLO DE LARACHA

O Concello de Laracha asume a vixilancia, medidas preventivas, control, aplicación e cumprimento polos pescadores, nas zonas indicadas na cláusula anterior, dos intervalos e días habilitados sinalados nestas, das condicións establecidas neste convenio así como do conxunto de normas dimanantes do presente Acordo, particularmente no relativo as condicións da Presidencia de Portos de Galicia, do 25 de maio de 2022 pola que se modifica a do 26 de xullo de 2021, aclarada por cédula do 13 de agosto de 2021.

A este efecto, por medio dos seus axentes e servizos propios, procederá a xirar rondas de control, vixilancia que serán como mínimo, no inicio e fin de cada intervalo horario e nos días indicados como habilitados, nas zonas sinaladas para a pesca deportiva e de lecer neste convenio. Asemade deberá tomar as medidas preventivas de tipo colectivo que se establecen particularmente neste convenio -en anexo a este-, entre elas as de valado e/ou sinalización de zonas, identificación de persoas que accedan para a práctica da pesca.

O Concello de Laracha recoñece expresamente a identificación, localización concreta, condicións básicas de operatividade portuaria e riscos concorrentes das zonas que se habilitan para o exercicio da pesca deportiva e de lecer obxecto deste convenio. No momento en que teña coñecemento de calquera suposto ou incidencia que implique calquera circunstancia que por razón de seguridade das persoas e bens, para a explotación e utilización para os espazos portuarios, aconselle a adopción de medidas específicas por



tales causas, incluso a suspensión da práctica da pesca deportiva ou de lecer, con caña e desde terra, e farao saber inmediatamente e con constancia da notificación, á Portos de Galicia, indicando con detalle as súas causas e efectos, podendo cauteladamente desaloxala zona portuaria.

Sen prexuízo das competencias portuarias o Concello de Laracha ao abeiro deste convenio e das competencias que lles son propias poderá instruír e resolver os expedientes sancionadores impondo as sancións administrativas que no seu caso procedan.

TERCEIRA.- OBRIGAS E RESPONSABILIDADES DOS PESCADORES

Toda persoa (pescador ou acompañante) accede ás Zonas de Pesca Controlada delimitadas na ámbito deste convenio e da Resolución da Presidencia de 25 de maio de 2022 co único obxecto do exercicio da pesca deportiva, quedando totalmente prohibida calquera outra actividade distinta da citada.

A tal efecto deberán ter formulada e presentada perante Portos de Galicia previamente a declaración responsable regulada na dita Resolución da Presidencia de Portos de Galicia do 26 de xullo de 2021, quedando obrigados a exhibila tamén ao persoal do Concello de Laracha, sen prexuízo de atender os requirimentos a tal efecto, doutras autoridades conforme á dita Resolución de Portos de Galicia, e demais normativa que resulte de aplicación.

Prohíbese a práctica da pesca, en calquera especialidade, dentro das Zonas de Pesca Controlada do Porto de Caión a aquelas persoas que non dispoñan da oportuna autorización de acordo co establecido na Resolución da Presidencia de Portos de Galicia, do 26 de xullo de 2021.

Os usuarios das instalacións dentro do porto de Caión para a práctica da pesca deportiva ou recreativa, renuncian expresamente ao exercicio de accións cuxas pretensións excedan os límites indemnizadores fixados nas pólizas esixidas na Resolución da Presidencia de Portos de Galicia, do 25 de maio de 2022 que modifica a de 26 de xullo de 2021.

As partes non serán responsables dos posibles danos a persoas ou bens que se poidan



producir como consecuencia directa ou indirecta do acceso, estancia ou exercicio da pesca deportiva, sendo dita responsabilidade atribuíble exclusiva e individualmente aos usuarios que xeren o risco causante do sinistro.

Toda persoa que acceda ás Zonas de Pesca Controlada do porto de Caión deberá presentar de serlle requirido a correspondente acreditación da declaración responsable e documentación requirida por esta, esixidas pola Resolución da Presidencia de Portos de Galicia, do 26 de xullo de 2021, xunto ao Documento Nacional de Identidade.

Durante o acceso ás Zonas de Pesca Controlada, os pescadores e acompañantes, están obrigados a atender as indicacións e requirimentos que lle manifeste polos axentes do Concello de Laracha. Para estes efectos e á marxe das accións legais que Portos de Galicia, poida exercer por actos que poidan contravir as normas e regulamentos portuarios, a Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, ao Regulamento de Servicio e Policía da Orde Ministerial do 12 de xuño de 1976, o Concello de Laracha poderá acordar o abandono das instalacións portuarias daqueles pescadores e dos acompañantes que non atendan os requirimentos.

CUARTA.- COMPROMISOS DA EPE PORTOS DE GALICIA.

1. Portos de Galicia acorda autorizar a práctica da pesca deportiva ou recreativa no ámbito da ocupación do dominio público portuario nos termos deste acordo e da Resolución da Presidencia de Portos de Galicia, do 25 de maio de 2022 pola que se modifica a do 26 de xullo de 2021, aclarada por cédula do 13 de agosto de 2021.
2. Esta autorización de Portos de Galicia, non implica a perda das facultades de xestión e explotación, nin de control e policía administrativa que lle competen legalmente a Portos de Galicia, nin supón un cambio de titularidade ou cualificación xurídica dos bens e instalacións portuarias do porto de Caión.

QUINTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

1. As dúbidas que se presenten na súa interpretación, en caso de discrepancias, serán resoltas, pola Presidencia da EPE Portos de Galicia, poñendo fin á vía administrativa.



2. Serán causas de extinción do acordo:

- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste acordo por causas non imputables ás partes.
- O transcurso do prazo de vixencia do acordo sen acordarse a prórroga do mesmo.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

A este efecto o incumprimento poderá ser de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do acordo. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grado a non consecución dos fins propios do acordo ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas nel.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do acordo.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no acordo ou noutras leis.

3. Cada unha das situacións descritas por sí soa é causa suficiente de resolución. A resolución do convenio por causa imputable a unha das partes levará a indemnización dos prexuízos causados, que taxaranse contraditoriamente polas partes.

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f) da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento do establecido no convenio, seguimento, vixilancia e control do mesmo, nun prazo máximo de quince días a contra dende a sinatura do Convenio crearase unha Comisión de Seguimento.

A Comisión de Seguimento estará integrada por unha Presidencia que recaerá na Presidenta da EPE Portos de Galicia ou persoa na que delegue, e por catro vogais en representación de cada unha das entidades que asinan o Convenio.



Serán funcións desta Comisión de Seguimento:

1. Velar polo Cumprimento do convenio.
2. Concretar, seguir, interpretar e avaliar as accións derivadas do convenio incluíndo os axustes que sexan necesarios no calendario de actuacións.
3. Adoptar as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
4. Resolver os problemas de interpretación e as discrepancias que poidan xurdir en orde ao cumprimento do convenio.
5. Promover si o consideran axeitado outras actuacións que poidan enriquecer ou complementar

SÉTIMA.- MODIFICACION.

As modificacións formalizaranse mediante addenda a este acordo, aplicándose cando así o esixa a normativa de aplicación os mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do acordo.

OITAVA.- VIXENCIA.

O presente acordo entrará en vigor desde a súa sinatura estendendo a súa vixencia por catro anos a contar desde a sinatura deste, e poderá se obxecto de prórroga por outros catro anos

por acordo expreso entre as partes seguindo a tramitación legal procedente para formalizar dita prórroga, agás denuncia deste por parte de algunha das administracións afectadas, no prazo de tres meses antes da súa finalización. Esta vivencia se computará desde a data de sinatura pola última parte en realizala.

NOVENA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN CONTRACTUAL



Este Convenio non supón asociación algunha ou dependencia entre o persoal dependente das partes asinantes, que actuarán de xeito absolutamente independente e autónomo, sendo obriga específica e exclusiva de cada unha delas cumprir con cantas obrigas legais que como empregadores lles correspondan no desenvolvemento da súa actividade ao abeiro deste convenio. Deste xeito, a subscrición do presente convenio non comportará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as partes asinantes e os profesionais e empresas que por conta das partes asinantes desenvolvan as actividades obxecto deste convenio, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa, indirecta ou subsidiariamente polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMA.- RESPONSABILIDADE FRONTE A TERCEIROS

1. Fronte a terceiros: Considerando os riscos que se podan derivar na utilización das instalacións para o fin a que están destinadas, respecto dos danos que se deriven a terceiros polo incumprimento do estándar de calidade dos servizos que presta a zona portuaria obxecto deste convenio e das obrigas que asumen por medio deste, a EPE Portos de Galicia e o Concello de Laracha responderán solidariamente fronte ao particular, e internamente entre as partes, en primeiro lugar o Concello e subsidiariamente a EPE Portos de Galicia, individualizándose a indemnización que deriva da responsabilidade segundo a imputabilidade do incumprimento a unha ou outra parte.
3. A responsabilidade regulada nesta cláusula establécese nos termos do artigo 33 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.
4. Ao abeiro do dito artigo 33.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, a competencia para instruír o expediente de reclamación patrimonial corresponderalle á EPE Portos de Galicia. En todo caso, o Concello de Laracha terá a consideración de interesado nos procedementos administrativos de reclamación de responsabilidade patrimonial que se tramiten ao abeiro do previsto nesta cláusula.

DÉCIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.



As partes, recoñecen que a lexislación sobre Protección de Datos de Carácter Persoal, Regulamento Europeo 679/2016, e Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, establecen unha serie de obrigas no tratamento de datos de carácter persoal, as cales se comprometen a respectar, particularmente no que atinxe á prohibición de realizar cesións deste tipo de datos sen a correspondente autorización do titular deses datos, agás habilitación ou imposición por norma legal.

Asemade, as partes cumprirán debidamente as normas de seguridade e protección de datos para evitar a súa perda, alteración, tratamento ou acceso non autorizado, de acordo coa clase destes datos, e asinarán con terceiros cando así sexa necesario os oportunos contratos de encargo de tratamento de datos de conformidade coa normativa indicada no apartado anterior.

Igualmente, as partes deberán gardar silencio respecto dos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do acordo e se tivese coñecemento deles con ocasión da súa execución. A obriga de confidencialidade terá carácter indefinido.

No caso de que para efectuar o obxecto de acordo, se tivera que acceder a datos de carácter persoal, dos que o tratamento sexa responsable a EPE Portos de Galicia, ou á inversa respecto do Concello, a outra parte deste convenio terán a consideración de encargado do tratamento. Neste caso, o acceso a estes datos non se considerará comunicación de datos, senón acceso a datos por conta de terceiros.

As partes que accedan a estes datos deberán aplicar, en función da tipoloxía dos datos de carácter persoal que trate de conformidade co establecido no Esquema Nacional de Seguridade, ENS, e aplicará, as medidas de seguridade que resulten de aplicación, de xeito que se garanta a seguridade dos datos de carácter persoal, se evite a súa perda, alteración, tratamento ou acceso non autorizado, considerando a tal efecto o estado da tecnoloxía, natureza dos datos almacenados e riscos derivados da acción humana ou do medio físico.

DÉCIMO SEGUNDA.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO .



O presente convenio ten carácter administrativo e regularase polo establecido neste, e de xeito supletorio polos principios da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, estando excluído da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público sen prexuízo da aplicación dos seus principios e criterios para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia.

Así mesmo, conforme a instrución cuarta a) da Circular nº 1/2016 do 15 de febreiro de 2016, da Comisión interdepartamental de información e aclaración pola que se ditan instrucións en materia de convenios para a aplicación da Lei 1/2026 de 18 de xaneiro de 2016, de transparencia e bo goberno os asinantes do convenio manifestan o seu consentimento e autorización para que os datos persoais que contén no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En virtude co disposto no parágrafo anterior o Concello de Laracha e Portos de Galicia consenten expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro do convenio.

As partes na data da sinatura dixital.


A PRESIDENTA DO
ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA

O ALCALDE
DO CONCELLO DE LARACHA

Susana Lenguas Gil

José Manuel López Varela





LIMITACIONES PARTICULARES
 Establecidas no CONVENIO de COLABORACIÓN firmado coa ADMINISTRACIÓN LOCAL para auxilio e control da actividade.


Solo permitido os días e intervalos horarios seguintes:






- Os fins de semana e festivos dende as _10:00_ horas ata as _22:00_ horas.

LIMITACIONES XERAIS
 Establecidas na letra B) da condición 10. da Resolución do 26 de xullo de 2021

B) Réxime de prohibicións:

- Non se permitirá a práctica da pesca marítima recreativa de superficie desde peiraos de atracada durante as operacións de atracada e desatracada e mentres permanezan embarcacións nos peiraos, nin entre embarcacións.
- Non se permitirá a práctica da pesca marítima recreativa de superficie desde zonas portuarias cando esta práctica poida afectar o normal tránsito e atracada de embarcacións de calquera índole dentro da dársena ou a súa seguridade.
- Non se permitirá o acceso a pantaláns.
- Non se permitirá o acceso a embarcacións.
- Non se permitirá a manipulación de embarcación atracadas.
- Non se permitirá a limpeza da pesca nos peiraos.
- Os restos de pesca non se depositarán nos peiraos nin nos contedores portuarios e o usuario deberá desfacerse deles debidamente fóra da zona portuaria.
- Prohíbese a reserva anticipada de sitio e a policía portuaria ou autoridade competente poderá comisar temporalmente os aparellos.
- Establecese un aforo máximo de 1 pescador cada 3 metros de fronte de muelle ou línea de costa libre.
- Queda expresamente prohibida a pesca desde cualquier clase de artefacto o instalación flotante así como o tránsito por espaldones e escolleras e a pesca submarina.
- Queda expresamente prohibida a pesca en zonas concesionadas a terceiros e en portos deportivos.
- Queda expresamente prohibida a pesca dentro dos portos comerciais durante operacións de estiba e desestiba, atracada e desatracada e durante a permanencia das mercadorías.
- O incumprimento das condicións xerais e de acceso, así como a falta de presentación de declaración responsable e a acreditación de dispor da documentación exixida na presente resolución, dará lugar á apertura do expediente sancionador que corresponda.



| | |
|--|---|
|  LIÑA DE DESLINDE DPTM |  ZONA PROHIBIDA |
|  ZONA DE SERVIZO DO PORTO |  ZONA PERMITIDA CON LIMITACIONES XERAIS |
| |  ZONA PERMITIDA CON LIMITACIONES XERAIS E PARTICULARES |

| | |
|---|---|
|  PORTOS DE GALICIA |  |
|---|---|

| | | | | | |
|--|-----------------------|--|---------------------|-----------------|---------------|
| PORTO: CAIÓN LARACHA - A CORUÑA | | CARTOGRAFÍA OFICIAL ACTUALIZADA | | | |
| <small>SISTEMA DE REFERENCIA XEODÉSICO: UTM-ETRES 89 HU 29 · ELIPSOIDE GRS 80. ALTITUDE REFERIDA AO CERO HIDROGRÁFICO DO PORTO</small> | | | | | |
| <small>NOME DO PLANO: DELIMITACIÓN ZONA DE SERVIZO DO PORTO</small> | | | | | |
| REFERENCIA | CLAVE PORTO: 12-18 | ESCALAS: 1/2000 | DATA: XULLO 2022 | Nº PLANO: 01 | FOLLA: DE: |

CVE: 91hp4TC7Pv4
 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

